
REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO NO PCEO ADE-DEREITO

A presente nota ten por obxecto clarificar o marco no que terá que realizar o Traballo de Fin de Grao (TFG) o estudantado matriculado no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) e o Grao en Dereito, organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (FCEE) e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (FCXT) da Universidade de Vigo.

Segundo se establece no RD 1393/2007 de Ordenación dos Ensinos Universitarios Oficiais, as Titulacións de Grao concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grao (TFG).

O marco xeral para a realización dos TFG na Universidade de Vigo ven dado polo “Regulamento para a Realización do Traballo de Fin de Grao”, cuxa última versión foi aprobada no Consello de Goberno do 17/7/2015. Nel obrígase a que os centros desenvolvan normativa específica destinada a regular a elaboración e defensa dos TFG das titulacións que se imparten neles.

No caso da FCEE, a derradeira versión do “Regulamento para a Realización do TFG na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais” aprobouse na Xunta de Facultade do 4 de abril de 2017.

Na FCXT, a última versión da “Normativa Interna de Centro para a Elaboración do Traballo Fin De Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos” aprobouse na Xunta de Facultade do 25 de outubro de 2017.

Para rematar os seus estudos, os estudantes matriculados no PCEO terán que realizar o TFG correspondente ao Grao en ADE e o correspondente ao Grao en Dereito.

Dado que a Universidade de Vigo está en proceso de modificación da súa norma xeral, entre que esta non se produce e se elabora unha norma específica para o PCEO, a realización de ambos traballos seguirá o disposto nas normativas propias de cada título, cumprindo cos procedementos que se establezan en cada centro.